



CONCELLO  
DE  
**RIBAS DE SIL**  
(LUGO)

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL, AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO "PROGRAMA DEPUEMPREGO".

**1.- OBXECTO.**

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso e concurso-oposición de **TRES (3) PEÓNS e UN (1) OFICIAL DE PRIMEIRA CONDUTOR para ser contratados como persoal laboral temporal, a xornada completa**, ao abeiro do Programa Depuemprego, de conformidade co convenio asinado entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil (data 23 de setembro de 2016), para dar cumprimento ás competencias dos servizos municipais mínimos ou obras esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo.

Visto que a Lei 48/2015, de 21 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, dispón no seu artigo 21.2 que durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

As tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, encadraranse en **servizos públicos esenciais para acondicionamento, mantemento dos servizos básicos municipais e obras de reparación en xeral**. Servizos todos eles prestados directamente por este Concello e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade sen esquecer que o propio fomento do emprego e desenvolvemento local é por si só un servizo público esencial que de xeito urxente e inaprazable debe ser abordado habida conta da porcentaxe de desempregados que vai en aumento neste Concello.

Os contratos de traballo terán un duración determinada con como data límite de finalización o 30 de outubro de 2017.

As retribucións dos postos que se ofertan axustaranse ás contías establecidas na Plantilla de Persoal do Concello de Ribas de Sil (Anexo de Persoal dos Orzamentos definitivos cara o exercicio 2017).

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no Convenio subscrito entre este concello e a Excma. Deputación provincial de Lugo o 23 de setembro de 2016 (DEPUEMPREGO,) e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

**1.3. O sistema de selección:**

1.- Peóns: concurso.

2.- Oficial de Primeira Condutor: concurso - oposición



**CONCELLO**  
DE  
**RIBAS DE SIL**  
(LUGO)

1.4. A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Ribas de Sil, así como na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

## **2.- TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.**

O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será a xornada completa, de duración determinada (co data límite o 31 de outubro de 2017), na modalidade de obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

## **3.- FUNCÍONS.**

3.1.- Peóns: Traballos urxentes e inaprazables a desenvolver en relación ás obras ou servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, tales como Mantemento dos servizos básicos municipais e Obras de reparación en xeral.

3.2.- Oficial de Primeira Conductor: Traballos urxentes e inaprazables a desenvolver en relación ás obras ou servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, tales como Mantemento dos servizos básicos municipais e Obras de reparación en xeral. Especificamente, o para o desempeño desde posto é necesario posuír con carnet de conducir C que o capacitaría como apto para a condución dos seguintes vehículos municipais: Camión de Lixo, Tractor desbrozadora con brazo lateral, Turismos e Pickups, Camión de Incendios, Todoterreos e calesquera outros dos que dispoña esta Administración nos termos indicados e co carnet referido.

## **4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

### **4.1.- REQUISITOS XERAIS**

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

#### **a) Nacionalidade:**

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo.



**CONCELLO**  
DE  
**RIBAS DE SIL**  
(LUGO)

4.2.- REQUISITO ESPECÍFICO DO OFICIAL DE PRIMEIRA CONDUTOR: estar en posesión do carnet de conducir C.

**5.- SOLICITUDES.**

5.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ós modelos que figuran como Anexo I (peóns) ou Anexo II (oficial de primeira condutor), que se facilitarán no Rexistro Xeral do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Ribas de Sil, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residencia.
- b) Declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administración públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administración públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo os modelos que figuran nestas bases como Anexo I ou Anexo II.  
  
No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- c) Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos que os/as aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos, segundo establecido na base oitava.
- d) Certificación, de ser o caso, expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que é demandante de emprego e o tempo que leva nesta situación.
- e) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- f) De ser o caso, as persoas que aleguen ser vítima de violencia de xénero:

A efectos destas bases, enténdese por mulleres en situación de violencia de xénero todas aquelas que cesasen a relación de convivencia co agresor e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos devanditos indicios.
- Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
- Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

5.2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello de Ribas de Sil.

Poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



CONCELLO  
DE  
**RIBAS DE SIL**  
(LUGO)

---

#### **6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 2 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello, sinalándose un prazo de dous (2) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indícarase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes, para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

#### **7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR OU COMISIÓN DE VALORACIÓN.**

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios.

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrámbolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a.



CONCELLO  
DE  
RIBAS DE SIL  
(LUGO)

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

## 8.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

### 8.1.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA OS POSTOS DE PEÓNS:

A puntuación máxima total establécese en 24 puntos.

**CONCURSO:** O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

a) **Experiencia profesional** debidamente acreditada no mesmo posto ou superior o que aspira: 0,15 puntos/mes ata un máximo de **14 puntos**.

Acreditárase a experiencia profesional mediante certificado de empresa ou copia compulsada do/s contrato/s e informe de vida laboral.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose para estes efectos, os meses de trinta días.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e en que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse ademais informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

b) **Formación:**

Estar en posesión doutros cursos relacionados co posto de traballo e cas competencias propias do Concello nos termos do Convenio asinado e do artigo 25 da LBRL, en todo casos, impartidos pola Administración pública, Universidades, centros públicos concertados, organismos oficiais, ou pertenza aos acordos de formación continua e outra formación homologada: Ata un máximo de **3.5 puntos** segundo o baremo seguinte:

- o Por cada curso de duración de 20 a 50 horas lectivas: 0,25 pto/curso
- o Por cada curso de duración de 51 a 100 horas lectivas: 0,50 pto/curso
- o Por cada curso de duración de 101 a 200 horas lectivas: 0,75 pto/curso
- o Por cada curso de duración de máis de 200 horas lectivas: 1,50 pto/curso

Non se valorarán os cursos ou xornadas de duración inferior a 20 horas.

O Tribunal valorará no seu conxunto e por unha soa vez, os cursos que sexan de natureza análoga e contido curricular similar. O mesmo curso realizado en máis dunha ocasión só será valorado unha vez, valorándose o de maior duración .

Soamente se computarán os cursos que queden acreditados mediante o oportuno diploma ou título onde quedará reflectido o número de horas de duración e, expresen con suficiente claridade o seu contido básico, así como o centro de impartición. Non se computarán os cursos non acreditados polos/as concursantes.

c) Dacordo co establecido no convenio asinado coa Deputación referido nos antecedentes, se primará favorecer aos colectivos con dificultades de integración laboral tales como (**máximo 6,5 puntos**):

1. Mulleres: 1,3 puntos.
2. Maiores de 45 anos: 1,3 puntos.



CONCELLO  
DE  
**RIBAS DE SIL**  
(LUGO)

3. Parados de longa duración: 1,3 puntos. Considerase parado de longa duración estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses.
4. Persoas con discapacidade: 1,3 puntos.
5. Persoas vítimas de violencia de xénero: 1,3 puntos.

Forma de acreditar estas situacións: segundo o establecido no punto 5 (Solicitudes).

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valora o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

## **8.2.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA OS POSTOS DE OFICIAL DE PRIMEIRA - CONDUCTOR:**

A puntuación máxima total establécese en **64 puntos**.

**CONCURSO - OPOSICIÓN:** O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

FASE DE CONCURSO: Puntuación máxima 24 puntos.

a) **Experiencia profesional** debidamente acreditada no mesmo posto ou superior o que aspira: 0,15 puntos/mes ata un máximo de **14 puntos**.

Acreditarase a experiencia profesional mediante certificado de empresa ou copia compulsada do/s contrato/s e informe de vida laboral.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose para estes efectos, os meses de trinta días.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e en que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse ademais informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

b) **Formación:**

Estar en posesión doutros cursos relacionados co posto de traballo e cas competencias propias do Concello nos termos do Convenio asinado e do artigo 25 da LBRL, en todo casos, impartidos pola Administración pública, Universidades, centros públicos concertados, organismos oficiais, ou pertenza aos acordos de formación continua e outra formación homologada: Ata un máximo de **3.5 puntos** segundo o baremo seguinte:

- o Por cada curso de duración de 20 a 50 horas lectivas: 0,25 ptos/curso
- o Por cada curso de duración de 51 a 100 horas lectivas: 0,50 ptos/curso
- o Por cada curso de duración de 101 a 200 horas lectivas: 0,75 ptos/curso
- o Por cada curso de duración de máis de 200 horas lectivas: 1,50 ptos/curso

Non se valorarán os cursos ou xornadas de duración inferior a 20 horas.

O Tribunal valorará no seu conxunto e por unha soa vez, os cursos que sexan de natureza análoga e contido curricular similar. O mesmo curso realizado en máis dunha ocasión só será valorado unha vez, valorándose o de maior duración .

Soamente se computarán os cursos que queden acreditados mediante o oportuno diploma ou título onde quedará reflectido o número de horas de duración e, expresen con suficiente claridade o seu contido básico, así como o centro de impartición. Non se computarán os cursos non acreditados polos/as concursantes.

c) Dacordo co establecido no convenio asinado coa Deputación referido nos antecedentes, se primará favorecer aos colectivos con dificultades de integración laboral tales como (**máximo 6.5 puntos**).



CONCELLO  
DE  
**RIBAS DE SIL**  
(LUGO)

---

1. Mulleres: 1,3 puntos.
2. Maiores de 45 anos: 1,3 puntos.
3. Parados de longa duración: 1,3 puntos. Considerase parado de longa duración estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses.
4. Persoas con discapacidade: 1,3 puntos.
5. Persoas vítimas de violencia de xénero: 1,3 puntos.

Forma de acreditar estas situacións: segundo o establecido no punto 5 (Solicitudes).

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valora o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

#### **FASE DE OPOSICIÓN (Máximo 40 puntos)**

Realización dunha **proba práctica** relacionada co posto de traballo.

- Proba de condución de un vehículo municipal: valorarase a destreza e menor tempo empregado. Esta proba se desenrolara no lugar que se determine na data da súa realización. Máx. 20 puntos.

- Proba de emprego de Tractor con brazo mecanizado que se desenrolara en relación a realización dunha roza no lugar que se determine e na data da súa realización. Valorarase a destreza e menor tempo empregado. Máx. 20 puntos.

#### **9.- RELACIÓN DE APROBADOS.**

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo. En caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos nas probas da fase de oposición e a continuación puntuación pola orde dos méritos da fase de concurso. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato, o órgano convocante poderá requirir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aos propostos, para a súa posible contratación.

A devandita relación complementaria poderá tamén servir para constituír unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración do plan "Depuemprego".

#### **10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

1) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter una antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias, acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.



CONCELLO  
DE  
**RIBAS DE SIL**  
(LUGO)

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

**11.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO.**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e formalizáranse os contratos de traballo de duración determinada, sendo en todo caso o data de remate o **30 de outubro de 2017**.

**12.- IMPUGNACIÓN.**

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos interesados e interesadas nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Ribas de Sil, 11 de abril de 2017.

O Alcalde,

Asdo.- Miguel Ángel Sotuela Vega

